

En aplicación da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, a admisión ou a exclusión dos solicitantes dos programas III (Axuda discapacidades) e IV (Axuda por celiacuía, intolerancia á lactosa e Crohn) comunicárase persoalmente aos interesados.

Segundo.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Dirección Xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou ben poderá ser impugnada directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co previsto nos artigos 116º e 117º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 14º, 25º e 46º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2010.

Juan José Martín Álvarez  
Director xeral de Xustiza

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

*Orde do 21 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos titulares de autorizacións de transporte da serie VT-N para instalar sistemas de seguranza, información, cobramento e localización nos seus vehículos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.*

Desde os seus comezos, o servizo do taxi foi evolucionando pasando de ser un servizo complementario doutros medios de transporte a ser un servizo alternativo competitivo. É por iso que necesita ofrecer un servizo de calidade a un custo razoable coa finalidade de captar novos tipos de clientes, aumentar a súa capacidade de prestación do servizo e de mellorar os medios materiais de prestación e xestión, garantindo, en todo caso, a seguridade dos taxistas e dos usuarios.

Desde o ano 2005 a Xunta de Galicia colabora co sector mediante o outorgamento de axudas que permitan a instalación de sistemas de seguranza nos vehículos con autorizacións VT-N.

Neste contexto, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (D.X. de Mobilidade) pretende, mediante esta orde de axudas, seguir mellorando a

calidade no servizo mediante a implantación de novas tecnoloxías no sector do taxi de Galicia, que garantan non só a seguranza dos traballadores do sector, senón tamén unha maior calidade na prestación do servizo. Así, o estado actual dos servizos de telecomunicacións fan viable e necesario ofrecer un servizo de taxi de calidade e competitivo, con comunicacións móbiles avanzadas, pagamento electrónico, reservas, diferenciación de tipos de cliente, xestión de emerxencias, mecanismos equitativos de xestión de servizos e mellores e máis transparentes mecanismos de control da calidade e do cobramento.

Os equipamentos subvencionados nesta orde deben estar homologados no Centro 112 de Emerxencias de Galicia e cumprir coas exixencias da normativa comunitaria existente na materia. Pola súa vez, estes equipamentos deben dispor dun dispositivo de localización vía satélite GPS e de comunicacións GSM (de voz, GPRS e de SMS) e completarse con equipamentos auxiliares para realizar a súa función como apoio a situacións de emerxencia. Do mesmo xeito, coas axudas para a instalación de taxímetros con impresora e TPV (o modelo subvencionado debe ser en todo caso compatible cun equipamento de GPS homologado polo Centro 112 de Emerxencias de Galicia), preténdese potenciar a seguridade no taxi coa diminución do diñeiro en metálico, grazas ao pagamento electrónico. As axudas para os sistemas de xestión de frotas teñen como obxectivo garantir a integración dos taxis nunha rede de área local que abrangue un sistema automatizado de xestión, localización e control por satélite dos vehículos a través da internet e da tecnoloxía GPS.

Todo iso faise xa no marco da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como consonte a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na medida en que sexa aplicable, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, e en uso das facultades que teño atribuídas,

**DISPOÑO:**

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. O obxecto desta orde é fixar as bases reguladoras para a concesión de axudas aos titulares de autorizacións de transporte da serie VT-N para instalar sistemas de seguranza, de transparencia na información e facilidade no cobramento, e de localización da frota nos seus vehículos.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2011.

3. En concreto, consideraranse gastos subvencionables os seguintes:

a) Sistema GPS debidamente instalado no taxi, o cal debe permitir que, ante unha situación de emerxencia en que perigue a integridade física do taxista, este poida activar un sinal que se reciba no Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia. Debe tratarse, por tanto, de equipamentos que estean homologados no dito centro.

b) Taxímetro con impresora e TPV para o cobramento con tarxetas compatible cun sistema GPS que debe estar homologado no Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia.

c) Sistema de control de frotas con elementos de xestión, localización e control por satélite que estean conectados a un centro de control a través da tecnoloxía GPS.

4. En todo caso, a adquisición efectiva e pagamento dos sistemas para os que se solicita a axuda deberá realizarse no ano 2011.

5. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

#### Artigo 2º.-*Condicionantes.*

1. Os solicitantes poden pedir a axuda de xeito individual para o obxecto subvencionable previsto na letra a) do artigo 1º.3 (sistema GPS homologado no Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia).

2. Para que se considere subvencionable a instalación de taxímetro con impresora e TPV para o cobramento con tarxetas (artigo 1º.3 b)) deberá solicitarse simultaneamente a axuda pola colocación do sistema GPS (artigo 1º.3 a)), ou ben achegar documentación que xustifique que este aparello xa estaba instalado no vehículo con anterioridade.

3. Só será subvencionable a instalación dun sistema de control de frotas con elementos de xestión, localización e control por satélite (artigo 1º.3 c)) se simultaneamente se pide a axuda para a colocación dos sistemas previstos nas letras a e b do artigo 1º.3. Porén, tamén se poderá outorgar a axuda por este motivo se se acredita ter instalados eses dous sistemas no vehículo con anterioridade.

#### Artigo 3º.-*Financiamento e concorrencia.*

1. A concesión das axudas farase con cargo á aplicación orzamentaria 2011.07.05.512A.770.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, por importe de corenta e dous mil euros (42.000 €). Non obstante, o importe indicado poderá ser ampliado de concorrer algún dos supostos previstos no artigo 30º.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Este incremento queda condicionado á declara-

ción de dispoñibilidade do crédito e á aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

2. A concesión destas axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos de 2011 para poder afrontalas. En ningún caso se poderán outorgar subvencións por un montante superior ao da contía dispoñible na aplicación orzamentaria.

3. As subvencións concedidas de conformidade con esta orde serán compatibles con calquera outra axuda que para a mesma finalidade poidan obter os beneficiarios. Porén, o importe das subvencións ou axudas concedidas, illada ou conxuntamente, non poderá ser tal que supere o custo da actividade subvencionada que debe desenvolver o beneficiario, segundo o disposto no artigo 17º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 4º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os titulares de autorizacións administrativas de transporte vixentes, documentadas en tarxetas da serie VT-N, expedidas pola Dirección Xeral de Mobilidade ou polos servizos de mobilidade competentes para o efecto.

2. Para que xeren dereito á axuda, as autorizacións indicadas no punto anterior deberán axustarse ás seguintes regras:

a) As autorizacións terán que estar domiciliadas en Galicia.

b) As ditas autorizacións deberán estar vixentes no momento da presentación da solicitude.

c) Xerará dereito á axuda cada unha das autorizacións das que sexa titular o solicitante.

3. Non poderán ser beneficiarios desta convocatoria de axudas aqueles que o fosen, respecto da mesma autorización de transportes e para o mesmo sistema, con base nas convocatorias feitas por Resolución do 25 de febreiro de 2009 (DOG do 27 de febreiro), Resolución do 8 de marzo de 2010 (DOG do 18 de marzo) e Orde do 28 de setembro de 2010 (DOG do 5 de outubro).

#### Artigo 5º.-*Contía das axudas.*

1. Os equipamentos que se prevén nestas bases como obxecto da subvención poderán acadar unha axuda económica máxima do 50% do custo de cada un deles individualmente considerado. Neste incluírase tanto o prezo do propio equipamento como os gastos de colocación, man de obra, equipamento adicional necesario e verificación do seu funcionamento.

En ningún caso se considerará subvencionable o importe pagado en concepto de IVE ou outros impostos indirectos.

2. Non obstante, consideraranse como importes máximos da subvención, por equipamento e autorización, en todo caso, os seguintes:

- Sistema GPS homologado no Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia: cincocentos euros (500,00 €).

- Taxímetro con impresora e TPV para o cobramento con tarxetas: cincocentos euros (500,00 €).

- Sistema de control de frotas con elementos de xestión, localización e control por satélite que estean conectados a un centro de control a través da tecnoloxía GPS: cincocentos euros (500,00 €).

#### Artigo 6º.-*Solicitudes.*

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo desta resolución, que poderá descargarse da páxina web institucional da Dirección Xeral de Mobilidade (<http://www.cmati.xunta.es/portal/cidadan/pid/667>). Coa solicitude achegaranse os documentos que se especifican no artigo 7 desta orde.

2. Na solicitude de axuda incorporárase unha declaración responsable referente aos seguintes aspectos:

a) Cumprimento dos requisitos necesarios para acollerse ás axudas reguladas nestas bases, así como das obrigas e compromisos que nelas se establecen.

b) Autenticidade dos datos facilitados e da documentación presentada.

c) Non ter sido beneficiario das axudas convocadas mediante Resolución do 25 de febreiro de 2009 (DOG do 27 de febreiro), Resolución do 8 de marzo de 2010 (DOG do 18 de marzo) e/ou Orde do 28 de setembro de 2010 (DOG do 5 de outubro), respecto da mesma autorización de transportes e para o mesmo sistema.

d) Compromiso de facilitar a documentación complementaria que se poida requirir, así como de permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto esta Administración considere oportunas.

e) Non estar incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Compromiso de non beneficiarse nin se ter beneficiado doutras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que, illada ou conxuntamente coa outorgada por esta Administración, superen o custo da actividade subvencionada.

g) Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

#### Artigo 7º.-*Documentación xustificativa.*

1. Xunto coa solicitude debe achegarse a seguinte documentación, en orixinal ou fotocopia cotexada:

a) Documento nacional de identidade (DNI) da persoa que asina a solicitude, no suposto de que non marque a autorización prevista no artigo 9º.6.

b) Certificación bancaria orixinal do número de conta que se indica para ingresar a axuda, no caso de que este non estea dada de alta no rexistro de terceiros da Xunta de Galicia por non terse realizado nela ningún pagamento con anterioridade.

c) Permiso de circulación do vehículo ou vehículos en que se van instalar os sistemas para os que se pide a axuda.

d) Ficha técnica do vehículo ou vehículos en que se van instalar os sistemas para os que se pide a axuda.

e) Factura ou facturas de compra dos sistemas instalados.

f) Extractos ou certificacións bancarias que xustifiquen o pagamento das facturas anteriores. No caso de que o gasto sexa inferior a 1.000 euros, o pagamento poderase xustificar mediante recibín do proveedor, debidamente asinado e identificado co nome, apelidos e número de DNI.

g) No caso de pedir a axuda polo motivo contido no artigo 1º.3 a) (sistema GPS homologado no Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia), certificado da empresa instaladora que acredite a efectiva colocación e operatividade do sistema.

h) No suposto de solicitar a axuda ao abeiro do artigo 1º.3 c) (sistema de control de frotas con elementos de xestión, localización e control por satélite), certificado da asociación que xestione o centro de control en que conste a identidade do solicitante das axudas, a matrícula do vehículo adscrito á autorización VT-N para a que se solicitaron estas e a alta do sistema subvencionado no devandito centro de control.

#### Artigo 8º.-*Lugar, forma e prazo de presentación das solicitudes.*

1. As solicitudes, xunto coa documentación requirida, presentaranse preferentemente no rexistro auxiliar da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Poderán, así mesmo, presentarse por calquera dos restantes medios previstos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das

administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 31 de marzo de 2011, ambos os dous incluídos.

#### Artigo 9º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación do réxime contido nesta orde.

2. De conformidade co artigo 20º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento. Deberá presentar entón a certificación nos termos do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Sen prexuízo do anterior, para acreditar que o interesado está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social será suficiente unha declaración responsable nese sentido no caso de que a subvención individualmente considerada non supere os 3.000 euros, e concorran os demais requisitos previstos no artigo 11 do devandito Decreto 11/2009.

3. De acordo co disposto no artigo 20º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ás solicitudes dos interesados xuntaranse os documentos e as informacións determinados nestas bases, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso, o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia nos cales foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde o remate do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirllle ao solicitante a súa presentación, ou, no seu defecto, a xustificación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de

xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos. Todo isto farase consonte ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

5. De conformidade co artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

6. De acordo co previsto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, pola que se desenvolve aquel, os solicitantes poderán facer constar no formulario o seu consentimento expreso para que a Administración verifique de xeito telemático os seus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

En caso de que non presten ese consentimento, deberán presentar xunto coa solicitude unha fotocopia compulsada do DNI en vigor.

#### Artigo 10º.-*Órganos competentes.*

1. Delégase no director xeral de Mobilidade o exercicio das competencias para resolver os procedementos de concesión, aprobación do gasto e demais actuacións necesarias para o desenvolvemento das axudas obxecto desta orde.

2. A Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte será o órgano competente para instruír o procedemento de concesión das subvencións, correspondéndolle como tal o exercicio das facultades previstas no artigo 21º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 11º.-*Instrución dos procedementos.*

1. O órgano instrutor será o encargado de verificar o cumprimento das condicións exixidas nestas bases ou na normativa de aplicación para ser beneficiario

das axudas. Para tal fin, analizará as solicitudes presentadas e a documentación que as acompañe, comprobando a existencia e titularidade das autorizacións identificadas na solicitude, así como a instalación e operatividade dos sistemas e a concorrencia do resto de requisitos.

2. De conformidade co establecido no artigo 71º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algunha das exixencias contidas nestas bases requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Durante a instrución recadarase do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia un certificado acreditativo da efectiva activación e posta en funcionamento daqueles sistemas GPS para os que se pida a axuda.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e que contén coa documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na restante normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na que se indicarán as causas desta.

#### Artigo 12º.-*Comisión de valoración.*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte. Para tal fin elaborará un informe en que figurarán de xeito individualizado os solicitantes que cumpren os requisitos para obter a subvención, e en que se especificará a avaliación que lles corresponde segundo os devanditos criterios. Así mesmo, indicárase o importe da axuda para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

2. A comisión de valoración estará composta polos xefes dos seguintes servizos dependentes da Dirección Xeral de Mobilidade:

a) Servizo de Informes, Autorizacións e Xunta Arbitral.

b) Servizo de Estudos e Apoio Xurídico.

c) Servizo de Concesións.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade dos anteriores, o director xeral de Mobilidade poderá nomear substitutos de entre funcionarios dos grupos A1 ou A2 da referida dirección xeral.

3. As solicitudes que non puidesen ser atendidas por insuficiencia de crédito quedarán en reserva, podendo, se é o caso, subvencionarse ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia por parte dos beneficiarios, ben co incremento do crédito orzamentario destinado a estas axudas. Para estes efectos poderán realizarse sucesivos informes conforme o sinalado neste artigo .

#### Artigo 13º.-*Criterios de valoración.*

As solicitudes puntuaranse, para cada unha das autorizacións VT-N para as que se solicite a axuda, de acordo cos seguintes criterios de valoración:

1. Polo número de sistemas para os que se pida a axuda: ata 50 puntos. Aquelas autorizacións VT-N para as que se soliciten os tres sistemas relacionados no artigo 1º.3 da orde recibirán a máxima puntuación por este concepto.

2. Pola menor antigüidade do vehículo ao que estea adscrita a autorización VT-N en que se vaia instalar o sistema ou sistemas subvencionados: ata 20 puntos.

3. Pola maior antigüidade do solicitante na titularidade da autorización de transporte da serie VT-N que ampara o vehículo en que se vaian instalar o sistema ou sistemas subvencionados: ata 15 puntos.

4. Pola prioridade temporal na presentación da solicitude; para este fin, considerarase como elemento temporal para considerar o do día da súa presentación: ata 10 puntos.

5. Por asumir o compromiso de empregar a lingua galega na relación coa Administración na tramitación do expediente administrativo das axudas e na publicidade e difusión destas: 5 puntos.

#### Artigo 14º.-*Resolución e notificación.*

1. Á vista do informe da comisión de valoración, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución, que elevará ao director xeral de Mobilidade para que este dite a resolución que corresponda para cada solicitante.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de 3 meses contados desde o día seguinte á finalización do prazo de presentación de solicitudes. Se transcorre este prazo sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

3. A concesión ou a denegación da axuda seralle notificada ao solicitante de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Adicionalmente, as axudas concedidas publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, de concorrer os supostos previstos no artigo 15º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, en todo caso, na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, na sección de Mobilidade.

#### Artigo 15º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro destas bases, así como a desestimación presunta de solicitudes, poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

#### Artigo 16º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo director xeral de Mobilidade logo da instrución do correspondente expediente, en que se lle dará audiencia ao interesado.

#### Artigo 17º.-*Obrigas e pagamento.*

1. Os beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases asumen as obrigas recollidas con carácter xeral na normativa de subvencións, e, especificamente, as seguintes:

a) Obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

b) Obriga de permitir que a Dirección Xeral de Mobilidade realice as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a ver-

cidade dos datos e da documentación presentada, así como de facer o seguimento e control das axudas concedidas.

c) Obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

d) Obriga de que os equipamentos subvencionados que se instalen estean homologados consonte a normativa que os regule e reúnan os requisitos técnicos precisos para cumprir coas finalidades desta orde, nos termos do artigo 1º.3 destas bases.

e) Obriga de manter os equipamentos obxecto de subvención instalados e operativos en todo momento durante toda a súa vida útil. Ademais, e en todo caso, durante un prazo mínimo de dous anos deberán estar colocados no vehículo adscrito á autorización administrativa de transporte VT-N, mesmo no suposto de substitución ulterior do material móbil en que inicialmente se instalasen.

f) Obriga de facer constar en todo tipo de publicidade e información que se dea en relación cos equipamentos instalados a condición de subvencionados pola Xunta de Galicia. Para tal fin, e concretamente, establécese a obriga dos beneficiarios de inserir e manter permanentemente a indicación de que o vehículo está dotado co sistema subvencionado de que se trate e a colaboración para a súa instalación da Xunta de Galicia. A devandita indicación deberá situarse nun lugar visible para o usuario na totalidade dos vehículos dotados cos equipamentos subvencionados. Para cumprir con esta obriga, os solicitantes poden consultar os requisitos da imaxe corporativa da Xunta de Galicia no Manual de identidade corporativa, dispoñible na páxina <http://www.xunta.es/inicio-identidade-corporativa/>.

2. Unha vez notificada a resolución de outorgamento da subvención procederase ao seu aboamento, que se fará nun só acto, mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado na solicitude. En todo caso, para realizar o pagamento o beneficiario deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

#### Artigo 18º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nesta orde ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior tramitarase un procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto nos artigos 32º

e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50º e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 19º.-*Control.*

1. A Dirección Xeral de Mobilidade poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da finalidade das subvencións que se concedan.

2. Alén do anterior, as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas.

#### Artigo 20º.-*Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Mobilidade, a través dos seguintes medios:

a) A súa páxina web oficial:

<http://www.cmati.xunta.es/portal/>.

b) Os teléfonos 981 54 45 02 e 981 54 45 85 da devandita dirección xeral.

#### Artigo 21º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non regulado nesta orde estarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no resto de normativa que resulte de aplicación.

#### *Disposición adicional*

##### Primeira.-*Substitución de vehículo.*

De producirse unha substitución do vehículo adscrito á autorización VT-N durante o proceso de tramitación de subvención, coa solicitude deberá achegarse, ademais da documentación indicada no artigo 7º destas bases, o xustificante de ter iniciado o procedemento de autorización da substitución.

Para os efectos da valoración prevista no artigo 13º.2 da orde, tomarase en consideración o vehículo que estea efectivamente adscrito á autorización

de transportes da serie VT-N no momento de conclusión do prazo de presentación das solicitudes

##### Segunda.-*Subvención de sistemas non homologados polo Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia.*

Cando o titular da autorización solicitante da subvención opte por instalar un sistema GPS que non estea validado e operativo polo Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia, a empresa instaladora del deberá presentar previamente para a súa validación un equipamento no Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia.

Os equipamentos deben estar preparados para a súa integración dentro do sistema Taxgal (Sistema de Emerxencias de Taxis de Galicia, que consta dun número elevado de elementos: sistemas embarcados nos taxis, operador de telefonía, equipamentos receptores de alarmas, equipamento integrador de alarmas e postos de atención e seguimento) no contorno da plataforma de operacións Séneca-Galicia do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia. Para a súa validación é imprescindible realizar unha batería de probas desde o Centro de Atención de Emerxencias con presenza *in situ* do persoal da empresa instaladora e do persoal técnico do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia.

Todos os custos que deriven da dita integración e das probas necesarias serán por conta da empresa instaladora. Será responsable o Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia unicamente da atención das alarmas que entren directamente nel, e o correcto tratamento destas.

De non se ter obtido e acreditado ante a Dirección Xeral de Mobilidade a validación e integración do equipamento proposto no sistema do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia no prazo máximo dun mes contado desde o vencemento do prazo de presentación de solicitudes, a Administración non admitirá a solicitude formulada.

#### *Disposición derradeira*

##### Primeira.-*Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral de Mobilidade para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación destas bases.

##### Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2010.

Agustín Hernández-Fernández de Rojas  
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio  
e Infraestruturas



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Dirección Xeral de Mobilidade

*ANEXO*

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS AOS TITULARES DE AUTORIZACIÓNS DE TRANSPORTE DA SERIE VT-N PARA INSTALAR SISTEMAS DE SEGURANZA, INFORMACIÓN, COBRAMENTO E LOCALIZACIÓN NOS SEUS VEHÍCULOS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MT311B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

NOME COMPLETO		NIF	
[ ]		[ ]	
ENDEREZO (PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN)		PROVINCIA	CONCELLO
[ ]		[ ]	[ ]
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
CORREO ELECTRÓNICO			CIF
[ ]			[ ]
<input type="checkbox"/> En nome propio <input type="checkbox"/> En representación da empresa		[ ]	
ENDEREZO FISCAL		PROVINCIA	CONCELLO
[ ]		[ ]	[ ]

**DATOS BANCARIOS**

CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	DÍGITOS DE CONTROL	CÓDIGO CONTA CORRENTE
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]

**DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

1. Que cumpre os requisitos necesarios para acollerse ás axudas reguladas nas bases e na resolución de convocatoria, e asume as obrigas e compromisos que nelas se establecen.
2. Que son auténticos os datos facilitados e a documentación presentada.
3. Que non foi beneficiario das axudas convocadas mediante Resolución do 25 de febreiro de 2009 (DOG do 27 de febreiro), Resolución do 8 de marzo de 2010 (DOG do 18 de marzo) e/ou Orde do 28 de setembro de 2010 (DOG do 5 de outubro), respecto da mesma autorización de transportes para o mesmo sistema.
4. Que se compromete a facilitar a documentación complementaria que se lle poida requirir, así como a permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto a Administración considere oportunas.
5. Que non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Que se compromete a non beneficiarse e declara non terse beneficiado doutras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que, illada ou conxuntamente coa outorgada por esta Administración, superen o custo da actividade subvencionada.
7. Que está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

**IDENTIFICACIÓN DA AUTORIZACIÓN OU AUTORIZACIÓNS VT-N PARA AS QUE SE SOLICITA A AXUDA E DAS QUE É TITULAR O SOLICITANTE**

NÚMERO DA AUTORIZACIÓN VT-N	MATRÍCULA DO VEHÍCULO AO QUE ESTÁ ADSCRITA A AUTORIZACIÓN	SISTEMAS PARA OS QUE SOLICITA A AXUDA	SISTEMAS DOS QUE XA DISPÓN NO VEHÍCULO
[ ]	[ ]	<input type="checkbox"/> GPS <input type="checkbox"/> Taxímetro con impresora e TPV <input type="checkbox"/> Sistema de control de frotas	<input type="checkbox"/> GPS <input type="checkbox"/> Taxímetro con impresora e TPV <input type="checkbox"/> Sistema de control de frotas
[ ]	[ ]	<input type="checkbox"/> GPS <input type="checkbox"/> Taxímetro con impresora e TPV <input type="checkbox"/> Sistema de control de frotas	<input type="checkbox"/> GPS <input type="checkbox"/> Taxímetro con impresora e TPV <input type="checkbox"/> Sistema de control de frotas
[ ]	[ ]	<input type="checkbox"/> GPS <input type="checkbox"/> Taxímetro con impresora e TPV <input type="checkbox"/> Sistema de control de frotas	<input type="checkbox"/> GPS <input type="checkbox"/> Taxímetro con impresora e TPV <input type="checkbox"/> Sistema de control de frotas

**SOLICITA:**

Que lle sexa concedida a axuda prevista pola Dirección Xeral de Mobilidade para instalar sistemas de seguranza, información, cobramento e localización nos vehículos adscritos as autorizacións de transporte da serie VT-N.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (en orixinal ou fotocopia compulsada)**

- Documento nacional de identidade (DNI) da persoa que asina a solicitude (*só necesario no caso de que non preste o seu consentimento para facer a consulta telemática dos datos*).
- Certificación bancaria orixinal do número de conta que se indica para ingresar a axuda.
- Permiso de circulación do vehículo ou vehículos en que se van instalar os sistemas para os que se pide a axuda.
- Ficha técnica do vehículo ou vehículos en que se van instalar os sistemas para os que se pide a axuda.
- Factura ou facturas de compra dos sistemas instalados.
- Extractos ou certificacións bancarias que xustifiquen o pagamento das facturas anteriores. No caso de que o gasto sexa inferior a 1.000 euros, o pagamento poderase xustificar mediante recibín do provedor, debidamente asinado e identificado co nome, apelidos e número de DNI.
- Certificado da empresa instaladora que acredite a efectiva colocación e operatividade do sistema (*só se se pide a axuda por instalación dun sistema GPS homologado no Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia*).
- Certificado da asociación que xestione o centro de control no que conste a identidade do solicitante das axudas, a matrícula do vehículo adscrito á autorización VT-N para a que se solicitaron estas e a alta do sistema subvencionado no devandito centro de control (*só se se pide a axuda pola instalación dun sistema de control de flotas con elementos de xestión, localización e control por satélite*).

Quen abaixo asina **DECLARA QUE**: de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro. Así mesmo, e de conformidade co artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a presentación desta solicitude implica a autorización para o tratamento necesario dos datos do solicitante para a publicación na web oficial da consellería a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que a desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

- SI  NON (neste caso deberá presentar fotocopia cotexada do DNI)

En cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (a dirección figura ao pé desta solicitude).

## LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 21 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos titulares de autorizacións de transporte da serie VT-N para instalar sistemas de seguranza, información, cobramento e localización nos seus vehículos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

## (Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA